

Programa

Do 13 Abril ao
31 Decembro

Museo Liste
Etnográfico de Vigo

“Xornadas contemporáneas arredor do Patrimonio Etnográfico. Dende abril a decembro: un mes, un artista, un proxecto”

Inauguración do proxecto no Museo co artista e entrevista arredor dos procesos creativos en diálogo cos fondos da Fundación Liste.

Inauguración presencial segundo as normativas sanitarias do momento.

Difusión online dende a web do Museo.

13 Abril:
Diego del Río

Proxecto: Re interpretación do tratamento dos materiais orgánicos e naturais, a súa utilidade, características e capacidades mediante a pintura matérica, tridimensional e expandida. Adaptada no espazo según as pezas da exposición.
SALA: DA LUZ

11 Maio:
Loreto Arnaz

Proxecto: Partindo de técnicas tradicionais como a cerámica, xeraremos un diálogo entre a vida e a morte, entre a lectura que facemos da nosa realidade e a nosa fin enmarcado pola simboloxía dos obxectos. Contemplando esta temática dende outro punto de vista.
SALA: A MATERIALIDADE DA FE

15 Xunio:
Berta Pan

Proxecto: As luces que guían na escuridade. Proxecto Audiovisual documental arredor dos Naufraxios acontecidos na Costa da Morte e iconografía do “faro”. Mesturando a memoria e a tradición coa experimentación audiovisual e o videoensaio.
SALA: DA LUZ.

13 Xullo:
María Gar

Proxecto: Partindo das técnicas e ferramentas de costura dialogaremos cos fondos da Fundación dende a mestura de materiais, dende a creación manual en conversa coa instalación e produción tridimensional.
SALA: DOS TECIDOS

10 Agosto:
Aida López

Proxecto: Partindo da colección etnográfica sobre a costura, os útiles destinados á mesma, os materiais, as cores e as formas dos obxectos; configuraremos un proxecto no que o espazo cobrará un papel fundamental.
SALA: A ARTE DE CURAR

(A) pe ga das

CONCELLO
DE VIGO



FUNDACIÓN LISTE
MUSEO ETNOGRÁFICO
V I G O